

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión ordinaria do 23 de xullo de 2010

ASISTENTES:
Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. Francisco Xabier Alonso Pérez
D. Xulio Calviño Rodríguez
D. Santiago Domínguez Olveira
D. Carlos López Font
D^a M^a Xosé Méndez Piñeiro
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz
D. José Manuel Mariño Mendoza

NON ASISTEN:

D. Eudosio Álvarez Álvarez

Invitados:

D^a Raquel Díaz Vázquez
D^a María Jesús Lago Rey
D. Angel Rivas González
D. Xesús López Carreira

D^a Laura López Atrio
D^a Iolanda Veloso Ríos

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos do día vinte e tres de xullo do dous mil dez e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a todos os membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral, Sr. González Carnero e o titular da Asesoría Xurídica, Sr. González Yebra-Pimentel..

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

BENESTAR SOCIAL

1(1.221).- RESOLUCIÓN DE RECURSOS DE REPOSICIÓN E AXUDA DA CONVOCATORIA BONO-TAXI 2010. EXPTE. 49566/301.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da Traballadora social responsable do programa de maiores e discapacitados co conforme do xefe da área de

Benestar Social e o conforme da concelleira delegada de dita área, e co fiscalizado e conforme do Interventor Xeral, do 15.07.2010, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- ANULAR as concesións de subvencións de bono taxi, aprobadas pola XGL de 18 de maio de 2010, ás persoas que se relacionan a continuación, sendo o importe total anulado de 1.800,00€

Nº ORDE	APELIDO1	APELIDO2	NOME	DNI	IMPORTE ANULADO	MOTIVO
1	ALVAREZ	BARREIRO	MANUELA	33102682R	450,00	PASAMENTO
2	PASTOR	GARCIA	MARIA	38608102A	450,00	PASAMENTO
3	RIVERA	LOPEZ	REMEDIOS	35912729T	450,00	PASAMENTO
4	VEGA	GUTIERREZ	ROSARIO	13477596X	450,00	PASAMENTO

2.- CONCEDER con cargo á partida 2310.4800011 RC 1676, a subvención en réxime de avaliación individualizada, destinada a proporcionar mediante a utilización de bono taxi un medio de transporte adaptado a:

Nº ORDE	APELIDO1	APELIDO2	NOME	DNI	IMPORTE CONCEDIDO
1	GONZALEZ	LORENZO	VENANCIA	35811158C	450,00

Esta subvención non foi resolta na comisión de XGL de 18 de maio de 2010 por causas non imputables á interesada.

1. RECURSOS DE REPOSICIÓN INTERPOSTOS POR:

1. D. José González Álvarez, presentado no rexistro xeral do concello de Vigo, con data 16 de xuño de 2010 e número 100084018, pola desestimación da subvención.
2. D^a Manuela Rodríguez Nieto que tamén presentou recurso de reposición no rexistro xeral do concello de Vigo, con data 14 de maio de 2010 e número 100082514 pola desestimación da subvención.

Estudados os devanditos recursos pola Comisión de Valoración das axudas de bono-taxi, proponse:

- Estimar a reclamación de D. José González Álvarez, con DNI 34 929 355Z, e conceder a subvención de bono taxi por un importe de 450,00€ con cargo á partida vixente no orzamento para este concepto
- Desestimar o recurso interposto por D^a Manuela Rodríguez Nieto, con DNI 36 045 057D, por incumprimento da base sexta (o certificado de minusvalía fai constar que NON existen dificultades para utilizar o transporte colectivo)

2(1.222).- RESOLUCIÓN AXUDAS MUNICIPAIS ESCOLARES: LIBROS, MATERIAL E COMEDOR. CURSO 2010-2011. EXPTE. 56243/301.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Benestar Social, do 14.07.2010, co conforme do xefe da área de Benestar Social e da concelleira delegada de dita área, e coas retencións de crédito asinadas polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1.- Aprobar o listado que se achega das axudas municipais escolares de libros e material escolar -curso 2009/2010- ANEXO I

- No nivel de Educación Infantil 2ª etapa (3, 4 e 5 anos)
- orzamento curso: 40.000 euros
- contía da axuda para este concepto: 75 euros/alumno
- solicitudes recibidas: (pais, nais, titores)
- alumnos/as
- orzamento adxudicado

1.1.concedidas: 533

1.2.lista de espera: 350

1.3.denegadas: 162

2.- Aprobar o listado que se achega das axudas municipais de comedor -curso 2009/2010- ANEXO I

1.1.concedidas: 1.725

1.2.lista de espera: 517

1.3.denegadas: 335

3.- Aprobar o aboamento das axudas concedidas que se fará con cargo á partida 3130,481,00,00 -becas libros e comedor -por un importe total de 610.000,00 euros- dos cales 40.000 destinaranse a axudas de libros e material escolar e 570.000 a axudas de comedor

4.- Aprobar a publicación da resolución desta convocatoria no taboleiro de anuncios do Concello, das Unidades Básicas de Acción Social e na páxina web do Concello Así mesmo comunicarse a resolución aos solicitantes por correo ordinario.

5.- Aprobar os seguintes anexos:

- a) anexo I Listado xeral puntuación de solicitantes
- b) anexo II Listado estatístico de solicitudes por UBAS
- c) anexo III Listado estatístico por tipo de centro
- d) anexo IV Valoración libros
- e) anexo V Valoración comedor
- f) anexo VI Resume xeral

No entanto, a Xunta de Goberno Local adopte o acordo que estime oportuno.

CONTRATACIÓN

3(1.223).- ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DA CONSTRUCCIÓN, ADECUACIÓN E MELLORA DE PISTAS DEPORTIVAS NA CIDADE. EXPTE. 5152/446.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da secretaria da Mesa de Contratación, do 8.07.10, e co fiscalizado e conforme do Interventor Xeral, do 14.07.2010, a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar definitivamente á mercantil Obras, Reformas y Saneamiento, S.L., o procedemento aberto para a contratación das obras de CONSTRUCCIÓN, ADECUACIÓN E MELLORA DAS PISTAS DEPORTIVAS NA CIDADE”(Expediente 5152-446) por un prezo total de 137.365,22 euros IVE incluído (a cota correspondente o IVE é de 18.946,93 euros) e coas seguintes prestacións adicionais:

- Sobre o persoal mínimo medio esixido de 4 persoas, aportan a maiores 1 persoa procedente de situación legal de desemprego das que 1 persoa é desempregada de larga duración.
- Fixa a aportación ao control de calidade na porcentaxe do 3 %.
- Incrementa o prazo de garantía en 48 meses respecto do prazo de 12 meses fixados no prego de cláusulas administrativas particulares, co que o prazo total de garantía é de 60 meses.
- Propón a execución das seguintes melloras valoradas por un importe total IVE incluído de 7.447,08 euros:
 1. 4 ud. banco modelo Bilbao.
 2. 4 ud papeleira modelo Bruma
 3. 1 ud de xardineira de granito.

Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 23 de abril de 2010 e a oferta presentada.”.

4(1.224).- ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DO PROGRAMA DE REDUCCIÓN DO DANO EN MEDIO ABERTO. EXPTE. 50300/301.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da secretaria da Mesa de Contratación, do 9.07.10, e co informe da técnico de Fiscalización e Control Fro. Do 13.07.2010 conformado polo interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar definitivamente a Atención Social en Emergencias Grupo 5 S.L., o procedemento negociado sen publicidade da “EXECUCIÓN DOS SERVIZOS DO PROGRAMA DE REDUCCIÓN DO DANO EN MEDIO ABERTO”(expediente 50300-301) por un prezo

total de 64.196,04 euros IVE incluído (a cota correspondente o IVE é de 4.199,74 euros). Todo iso de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 15 de marzo de 2010 e a oferta presentada.

5(1.225).- ADXUDICACIÓN PROVISIONAL DE SUBMINISTRACIÓN DE RODAS PARA O PARQUE MÓBIL. EXPTE. 7284/445.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da secretaria da Mesa de Contratación, do 07.07.2010 co fiscalizado e conforme do Interventor Xeral do 13.07.2010, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Adxudicar provisionalmente á mercantil NEUMÁTICOS BERBÉS, S.L., o procedemento negociado sen publicidade para a contratación da subministración de rodas para os vehículos da flota municipal (expediente 7284-445) por un prezo total de 23.698,74 euros IVE incluído e coas seguintes prestacións adicionais:

- Propón como redución do prazo de entrega o de 2 días hábiles dende a data en que solicite ó concello.

Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 10 de maio de 2010 e a oferta presentada.

2º.- No prazo dos 15 días hábiles seguintes a inserción no perfil do contratante do presente acordo, o adxudicatario provisional terá que presentar a seguinte documentación:

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar, que incluíra ademais a certificación de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.(a non existencia de débedas de carácter tributario co concello de Vigo se comprobará directamente por esta administración).
- Resgardo da garantía definitiva e, no seu caso, da garantía complementaria esixida.

3º.- Esta proposta de adxudicación provisional se converterá en proposta de adxudicación definitiva sen necesidade dun novo acordo da mesa de contratación, se se presentan os documentos esixidos no apartado 2º da proposta.

6(1.226).- DECLARAR DESERTA A LICITACIÓN DA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DA DIRECCIÓN TÉCNICA DOS TRABALLOS DE MANTEMENTO DOS CAMPOS DE FÚTBOL DE BALAIÓDOS, A MADROA E BARREIRO. EXPTE. 7318/333.

Examinadas as actuacións do expediente, e de acordo co informe-proposta da Secretaria da Mesa de Contratación do 14.07.2010, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Excluir do Procedemento aberto para a contratación dos servizos de dirección técnica dos traballos de mantemento dos campos de fútbol municipais de Balaidos, A Madroa e Barreiro (expediente 7318-333) os seguintes licitadores:

- DUNA INGENIERIA Y AREAS VERDES por non acreditar a solvencia técnica esixida para concorrer ó mesmo.
- CALDERON & ASOCIADOS e JOSE MANUEL CALDERON RGUEZ por incluír no sobre 2 “documentación acreditativa dos criterios valorables mediante xuízo de valor” criterios de adjudicación valorables mediante fórmula que deberían ter sido incluídos no sobre 3 (artigo 5.4 do PCAP)

2º.- Declarar deserto o procedemento aberto para a contratación dos servizos de dirección técnica dos traballos de mantemento dos campos de fútbol municipais de Balaidos, A Madroa e Barreiro (expediente 7318-333) por ter sido excluídos do mesmo todos os licitadores presentados”.

7(1.227).- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍA A WENCESLAO CABEZAS DEL TORO CONSTITUIDA PARA RESPONDER DA XESTIÓN DA ESCOLA DE DANZA. EXPTE. 3304/241.

Examinadas as actuacións do expediente, e de acordo co informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Contratación do 19.07.2010, a Xunta de Goberno local acorda:

Devolver a Wenceslao Cabezas del Toro a fianza de 4.491,66 €, constituída para responder da xestión da Escola de Danza xa que se executou conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo da garantía.

CULTURA

8(1.228).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DA EMPRESA SERVICIOS SECURITAS, S.A, POLA REALIZACIÓN DE SERVICIOS DE ATENCIÓN AO PÚBLICO EN DEPENDENCIAS CULTURAIAS. EXPTE. 12402/331.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do departamento de Cultura, do 6.07.2010 co conforme do concelleiro delegado da área, a Xunta de Goberno local acorda:

1.- Aprobar a indemnización substitutiva polo que figura nas facturas 2606V510152 e 2606V510140, de 2.987,08 € e 37.587,79 € respectivamente, que se achegan ao expediente, por un importe total de 40.574,87 € (corenta mil cincocentos setenta e catro euros, con oitenta e sete céntimos), a favor de Servicios Securitas SA., con CIF: A 28986800 que deben ser imputados á 3340.227.99.14 “Servizos de atención ao público en dependencias culturais” (RC 13776).

2.- Recoñecer a obriga a favor de Servicios Secúritas SA con CIF: A 28986800, por un importe total de 40.574,87 € (corenta mil cincocentos setenta e catro euros, con oitenta e sete céntimos), en concepto de prestación do servizo de atención ao público en dependencias culturais durante o período 16/11/2009-30/06/2010 con cargo á partida 3340.227.99.14 “Servizos de atención ao público en dependencias culturais”.

3º.- Pagar á empresa Servicios Securitas SA con CIF: A 28986800, as facturas facturas 2606V510152 e 2606V510140, por un importe total de 40.574,87 € (corenta mil cincocentos setenta e catro euros, con oitenta e sete céntimos), con cargo á partida 3340.227.99.14 “Servizos de atención ao público en dependencias culturais”.

DEPORTES

9(1.229).- EVENTO DEPORTIVO O' MARISQUIÑO 2010 A ORGANIZAR A 10ª EDICIÓN OPEN SKATE, OS DÍAS 6,7 E 8 DE AGOSTO 2010. EXPTE. 9665/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 16.07.2010 co conforme do concelleiro delegado de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar ao club O' MARISQUIÑO, a organizar a 10º edición Open Skate O MARISQUIÑO, os vindeiros días 6, 7 e 8 de agosto de 2009, no Paseo do Náutico fronte ao Hotel Bahía de Vigo e o descenso urbano que se fará o 8 de agosto dende o Castelo de San Sebastián ata o Náutico, cos entrenamentos dende as 10.00 horas ata as 13.15horas e a carreira que se será dende as 16.00 horas ata as 17.45 horas.

ELECTROMECAÑICOS

10(1.230).- AUTORIZACIÓN DE ABOAMENTO DE GASTOS DE LOCOMOCIÓN A D. EMILIO IGLESIAS ALVAREZ. EXPTE. 13356/444.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do servizo de Electromecánicos e do xefe da área de Servizos Xerais, do 3.06.2010 co conforme da concelleira delegada de dita área, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- O funcionario D. Emilio Iglesias Álvarez, nº de persoal 17271 porá a disposición do servizo o seu vehículo particular para toda clase de visitas e inspeccións ás obras relacionadas co seu posto de traballo no termo municipal, dentro do horario de traballo e fora del, sempre que proceda.

2º.- En contraprestación, o Concello remunerará o citado funcionario co importe contemplado na OM 3770/2005 de 1 de decembro, que fixa dito importe en 019 €/ Km recorrido, coa obrigatoriedade de xustificar debidamente os desprazamentos efectuados segundo o modelo existente

3º.- A remuneración terá efectos retroactivos dende a data do decreto de encomenda das funcións de Xefe do Servizo de Electro – Mecánicos (21 de xaneiro de 2010).

EMPREGO

11(1.231).- APROBACIÓN DO PROXECTO DE REHABILITACIÓN DO EDIFICIO DA ANTIGA CONSERVERA GARAVILLA. EXPTE. 7061/77.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, do 21.07.2010 co conforme do concelleiro delegado de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar o proxecto de Rehabilitación do Edificio da antiga Conservera Garavilla”

INFORMATICA

12(1.232).- CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ENTIDADE CAMEFIRMA E COA CÁMARA DE COMERCIO DE VIGO, PARA A VALIDACIÓN DE CERTIFICADOS DIXITAIS. EXPTE. 4695/113.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de Administración Electrónica, do 14.07.2010 co conforme do concelleiro delegado de dita área, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar o texto de convenio de colaboración coa entidade Camerfirma o coa Cámara de comercio de Vigo, para a validación de certificados dixitais (adquirir a condición de AUTORIDADE DE REXISTRO).

MUSEOS

13(1.233).- AUTORIZACIÓN DE VENDA E PREZO PÚBLICO DO LIBRO-CATÁLOGO DA EXPOSICIÓN “MULLERES”. EXPTE. 239/338.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnico de xestión de Patrimonio Histórico, do 13.07.2010 co conforme do concelleiro delegado de Cultura, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar a venda de 864 exemplares do libro-catálogo da exposición “Mulleres” (ISBN 978-84-92425-18-1), do que son autoras Natalia Poncela e Amada Traba, a un prezo unitario de venda ó público de 17,68 €, impostos incluídos. A venda destes exemplares se realizará no Arquivo Pacheco situado na Casa das Artes. Os restantes exemplares dos 1008 editados destinaranse a atencións protocolarias e/ou intercambio con outras entidades culturais.

PATRIMONIO HISTÓRICO

14(1.234).- RELACIÓN DE CONTRATOS MENORES DO SERVIZO DE PATRIMONIO HISTÓRICO DENDE XANEIRO-XUÑO 2010. EXPTE. 5746/307.

Dáse conta da relación de contratos menores tramitados polo departamento de Patrimonio Histórico durante os meses de xaneiro a xuño do ano 2010, enviados pola xefa de Patrimonio Histórico con conforme do delegado de dita área, con data 6.07.2010.

NºExp	Serv.	Asunto	Importe	Adxudicatario
"5410"	"307"	"CONTRATO MENOR DE OBRA PARA LA DEMOLICIÓN DE TRES EDIFICACIONES MUNICIPALES EN RÚA ALTA-CHAO EN EL CASCO VELLO PARA LA POSTERIOR REHABILITACIÓN DE LOS INMUEBLES PARA INSTALACIÓN DE DOTACIÓN CULTURAL."	34.800,00 €	SANCHEZ ALVAREZ
"5434"	"307"	"CONTRATACIÓN OBRAS DE ACONDICIONAMIENTO DE UN ESPACIO EN EL PARQUE 'QUIÑONES DE LEÓN' EN CASTRELOS PARA EL PROYECTO 'PEGADASEFUME' DEL SERVICIO DE MUSEOS MUNICIPALES."	5.708,07 €	MARS
"5662"	"307"	"CONTRATO MENOR MANTEMENTO E CONSERVACIÓN CASCO VELLO"	19.861,04 €	MOVEXVIAL SL
"5543"	"307"	"CONTRATO MENOR DE SERVICIOS PARA ACTUACIÓN ARQUEOLÓGICA DE LAS OBRAS DE DEMOLICIÓN DE MUROS DE CONTENCIÓN EN EL ÁMBITO DE LA VILLA ROMANA DE TORALLA."	2.466,16 €	EDUARDO RGUEZ SAIZ
"5452"	"307"	"CONTRATO MENOR MANTEMENTO E CONSERVACIÓN CASCO VELLO"	19.921,88 €	DEMAIN SL
"5455"	"307"	"CONTRATO MENOR PROXECTO CREACIÓN ÁREAS ETNOARQUEOLÓXICAS MEDIANTE UNHA POSTA EN VALOR DOS BENS PATRIMONIAIS DAS PARROQUIAS DE CANDEÁN ZAMÁNS E SAIÁNS CON CARGO AO FEESL"	20.021,60 €	ALICIA CARRERA CONSULTORA CULTURAL SL
"5456"	"307"	"CONTRATO MENOR PROXECTO REHABILITACIÓN DO ENTORNO DA PRAZA DE DIEGO SANTOS E RENOVACIÓN DAS REDES DE SANEAMENTO E REDE SEPARATIVA DE AUGAS CON CARGO AO FEESL"	9.353,94 €	INGENIA
"5457"	"307"	"CONTRATO MENOR PROXECTO REHABILITACIÓN DO ENTORNO DO CRUCEIRO VELLO DE BOUZAS CON CARGO AO FEESL"	6.903,16 €	INGENIA
"5458"	"307"	"CONTRATO MENOR PROXECTO DE RENOVACIÓN DE REDES DE SUMINISTRO DE AUGA E RENOVACIÓN DO ALUMEADO PÚBLICO PARA A MELLORA ENERXÉTICA DO ENTORNO DA SUBIDA Ó CASTELO CON CARGO AO FEESL"	19.720,00 €	PETTRA
"5460"	"307"	"CONTRATO MENOR PROXECTO DE RENOVACIÓN DAS REDES DE SERVIZOS DE AUGAS E ACTUACIÓNS DE CONSERVACIÓN DO ENTORNO DA COLEXIATA DE VIGO UBICADA NO CASCO HISTÓRICO DE VIGO CON CARGO AO FEESL"	20.764,00 €	PETTRA
"5461"	"307"	"CONTRATO MENOR SERVICIOS. MANTENIMIENTO EQUIPAMIENTOS PATRIMONIO HISTÓRICO: YACIMIENTOS CASTRO Y TORALLA."	18.000,00 €	

"5388"	"307"	"CONTRATO MENOR DE MANTENIMIENTO DEL SISTEMA DE SEGURIDAD DEL CENTRO DE ARTESANÍA TRADICIONAL AÑO 2010"	409,00 €	BOEL SEGURIDAD SL
"5389"	"307"	"CONTRATO MENOR MONITORAXE PROGRAMA FORMATIVO CASA DO CESTEIRO XANEIRO 2010"	2.751,89 €	VAN DIVULGACION
"5393"	"307"	"CONTRATO MENOR PARA DERRIBO DE TRES EDIFICACIÓNS MUNICIPAIS EN RUAS ALTA-CHAO CASCO VELLO"	3.889,92 €	DESSA URBANISMO
"5396"	"307"	"CONTRATO MENOR PARA MANTENIMIENTO ELEMENTOS DEL PATRIMONIO HISTÓRICO. ANO 2010"	18.000,00 €	
"5397"	"307"	"CONTRATO MENOR DE MANTENIMIENTO DEL JARDÍN HISTÓRICO DE CASTRELOS. ANO 2010"	18.000,00 €	
"5405"	"307"	"CONTRATO MENOR MONITORAXE OBRADOIRO ARQUEOLOXÍA MUSEO 'QUIÑONES DE LEÓN'"	20.842,55 €	LUA VERDE SL
"5406"	"307"	"CONTRATO MENOR VISITAS GUIADAS AO XACEMENTO ARQUEOLÓXICO DA 'VILLA ROMANA DE TORALLA'"	20.845,20 €	HERMINIA RGUEZ PEREZ
"5407"	"307"	"CONTRATO MENOR VISITAS GUIADAS AOS RESTOS MUSEALIZADOS DE O CASTRO"	20.845,20 €	EDUARDO RGUEZ SAIZ
"5412"	"307"	"CONTRATO MENOR PARA REDACCIÓN DO PROXECTO DE REHABILITACIÓN DO MIRADOR DO PASEO DE ALFONSO XII."	8.352,00 €	CARLOS ARDID POSADA
"5415"	"307"	"CONTRATO MENOR MONITORAXE CESTERÍA PROGRAMA FORMATIVO CASA DO CESTEIRO - FEBREIRO 2010"	2.751,58 €	VAN DIVULGACION
"5419"	"307"	"CONTRATO MENOR PARA COORDINACIÓN DE SEGURIDAD E SAÚDE EN OBRA DE DEMOLICIÓN DAS EDIFICACIÓNS MUNICIPAIS SITUADAS EN RÚA ALTA-CHAO."	1.238,32 €	CERTUM CONTROL SA
"5420"	"307"	"CONTRATO MENOR MANTEMENTO E CONSERVACIÓN CASCO VELLO"	19.741,38 €	MOVEXVIAL SL
"5421"	"307"	"CONTRATACIÓN CUARTETO CARAMUXO PARA O ACTO DE INAUGURACIÓN DO XACEMENTO ARQUEOLÓXICO DO CASTRO DE VIGO"	3.248,00 €	CUARTETO CARAMUXO SL
"5428"	"307"	"CONTRATACIÓN ESTUDIO GEOTÉCNICO EN ABELEIRA MENÉNDEZ 8, 10, 12 PREVIO A OBRAS DE REHABILITACIÓN DE LOS INMUEBLES PARA PINACOTECA MUNICIPAL"	5.444,44 €	G.O.C.
"5466"	"307"	"CONTRATACIÓN MONITORAXE CESTERÍA PROGRAMA FORMATIVO CASA DO CESTEIRO MARZO 2010"	2.751,58 €	VAN DIVULGACIÓN
"5437"	"307"	"CONTRATO MENOR SEGURIDADE XACEMENTO ARQUEOLÓXICO O CASTRO"	8.843,22 €	VIGILANCIA INTEGRADA
"5479"	"307"	"DIRECCIÓN FACULTATIVA PARA O SEGUIMENTO DA CREACIÓN DE ÁREAS ETNOARQUEOLÓXICAS DAS COMUNIDADES DE MONTES DE CANDEÁN"	13.920,00 €	ALICIA CARRERA CONSULTORA
"5480"	"307"	"CONTRATACIÓN DA DIRECCIÓN FACULTATIVA PARA O SEGUIMENTO DA OBRA DE RENOVACIÓN DAS REDES DE SERVIZOS DE AUGAS E ACTUACIÓNS DE CONSERVACIÓN DO ENTORNO DA COLEXIATA DE VIGO"	20.706,00 €	PETTRA

"5482"	"307"	"CONTRATACIÓN DA DIRECCIÓN FACULTATIVA PARA O SEGUIMIENTO DA OBRA DE RENOVACIÓN DE REDES DE SUBMINISTRO DE AUGA E RENOVACIÓN DO ALUMEADO PÚBLICO PARA A MELLORA ENERXÉTICA DO ENTORNO DA SUBIDA Ó CASTELO"	19.720,00 €	PETTRA
"5483"	"307"	"CONTRATACIÓN DA DIRECCIÓN FACULTATIVA PARA O SEGUIMIENTO DA OBRA DE REHABILITACIÓN DO ENTORNO DO CRUCEIRO VELLO DE BOUZAS"	10.238,51 €	INGENIA PROYECTOS TECNICOS SL
"5484"	"307"	"CONTRATACIÓN DA DIRECCIÓN FACULTATIVA PARA O SEGUIMIENTO DA OBRA DE REHABILITACIÓN DO ENTORNO DA PRAZA DE DIEGO SANTOS E RENOVACIÓN DAS REDES DE SANEAMENTO E REDE SEPARATIVA DE AUGAS"	13.565,85 €	INGENIA PROYECTOS TECNICOS SL
"5490"	"307"	"CONTRATO MENOR COORDINACIÓN E SUPERVISIÓN DAS OBRAS NO CASCO VELLO E BOUZAS CON CARGO AO FONDO ESTATAL PARA O EMPREGO E A SOSTENIBILIDADE LOCAL"	20.868,40 €	PETTRA
"5504"	"307"	"CONTRATO MENOR PROXECTO DE RENOVACIÓN DO ALUMEADO PÚBLICO PARA O AFORRO ENERXÉTICO NO CASCO HISTÓRICO DE VIGO CON CARGO AO FEESL"que sabes de	207.464,00 €	ENXEÑERÍA E ANALISE MEDIOAMB. SL
"5519"	"307"	"REPARACIÓN E MANTEMENTO DO BUQUE BERNARDO ALFAGEME"	6.716,00 €	FRANCISCO CARDAMA SA
"5518"	"307"	"CONTRATACIÓN DA DIRECCIÓN FACULTATIVA PARA O SEGUIMIENTO DA OBRA DE RENOVACIÓN DO ALUMEADO PÚBLICO PARA O AFORRO ENERXÉTICO NO CASCO HISTÓRICO DE VIGO"	20.764,00 €	ENXEÑERÍA E ANALISE MEDIOAMB. SL
"5522"	"307"	"CONTRATACIÓN DE INTERVENCIÓN ARQUEOLÓGICA EN LA PLAZA DE EDUARDO CHAO (FUTURO CENTRO GALEGO DE FOTOGRAFÍA)"	5.590,62 €	A CITANIA ARQUEOLOXICA SL
"5525"	"307"	"CONTRATACIÓN EDICIÓN POLÍPTICOS INFORMATIVOS DO XACEMENTO DO CASTRO DE VIGO"	3.016,00 €	GRAFICAS EZPONDA SL
"5542"	"307"	"CONTRATO MENOR TRABALLOS MANTEMENTO E REPARACIÓNS NO CASCO VELLO"	19.477,56 €	HIDROESTRUCTURAS SL
"5585"	"307"	"CONTRATACIÓN SEGURIDADE O CASTRO ATA AGOSTO 2010"	10.698,66 €	VIGILANCIA INTEGRADA SA
"5609"	"307"	"CONTRATO MENOR SERVICIOS: ESTUDIO GEOTÉCNICO EN EDIFICIO MUNICIPAL EDUARDO CHAO (FUTURO CENTRO GALLEGO DE FOTOGRAFÍA)."	4.929,43 €	GOC SA
"5610"	"307"	"CONTRATO MENOR PUBLICIDADE E PROPAGANDA DIFUSIÓN MERCADO PRODUTOS TRADICIONAIS GALEGOS"	13.098,00 €	ALICIA CARRERA CONSULTORA SL
"5612"	"307"	"CONTRATO MENOR PRODUCCIÓN DO MERCADO DE PRODUTOS TRADICIONAIS GALEGOS"	17.110,00 €	VAN DIVULGACION
"5630"	"307"	"GASTOS LOCOMOCION DO SERVIZO DE PATRIMONIO HISTORICO."	200,00 €	
"5663"	"307"	"CONTRATO MENOR MANTEMENTO E CONSERVACIÓN RÚA TEÓFILO LLORENTE"	3.539,60 €	MOVEXVIAL
"5683"	"307"	"REPARACIÓNS DANOS EN INSTALACIÓNS E EQUIPAMENTOS MUNICIPAIS"	9.000,00 €	

"5394"	"307"	"GASTOS DE ADQUISICIÓN DE BIBLIOGRAFÍA PARA O DPTO. DE PATRIMONIO HISTORICO."	736,00 €	
"5398"	"307"	"CONTRATO MENOR PARA ADQUISICIÓN DE MATERIAL TÉCNICO ESPECIAL PARA REPARACIONES E MANTEMENTO DE MAQUINARIA DE PATRIMONIO HISTÓRICO. ANO 2010"	16.000,00 €	
"5399"	"307"	"CONTRATO MENOR PARA ADQUISICIÓN DE PLANTA DE TEMPORADA PARA XARDÍN HISTÓRICO DO PAZO DE CASTRELOS. ANO 2010"	15.000,00 €	
"5492"	"307"	"ADQUISICIÓN DE MATERIALES PARA REPARACIÓNS E MANTEMENTO DE MAQUINARIA DE PATRIMONIO HISTÓRICO"	18.000,00 €	
"5577"	"307"	"ADQUISICIÓN DE LONAS PARA A SUA COLOCACIÓN DURANTE A EXECUCIÓN DAS OBRAS NO EDIFICIO MUNICIPAL EN EDUARDO CHAO (FUTURO CENTRO GALEGO DE FOTOGRAFÍA)"	2.552,00 €	SERVICIOS RELACIONADOS
"5593"	"307"	"ADQUISICIÓN DE LONAS PARA A SUA COLOCACIÓN NAS FACHADAS DE EDIFICIOS DO BERBÉS MIENTRAS DURAN AS OBRAS DE REHABILITACIÓN."	9.924,96 €	SERVICIOS RELACIONADOS
"5599"	"307"	"ADQUISICION FOLLETOS INFORMATIVOS XACEMENTO CASTRO DE VIGO"	980,20 €	DEIDEAS SL
"5637"	"307"	"CONTRATO MENOR ADQUISICIÓN DE MATERIAL PUBLICITARIO DAS AXUDAS MUNICIPAIS Á REHABILITACIÓN EN EDIFICIOS DE BOUZAS E BERBÉS"	373,98 €	VISUAL GRAPHICS

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

15(1.235).- AXUDAS ESPECIAIS CON CARGO AO FONDO DE ACCIÓN SOCIAL. EXPTE. 19965/220.

Examinadas as actuacións do expediente, de acordo co informe de data 8 de xullo emitido pola xefa do Servizo de Recursos Humanos, coa conformidade do concelleiro delegado, visto o informe da interventor xeral de data 12 do mesmo mes, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Autorizar as axudas especiais, con cargo ao Fondo de Acción Social, por importe total de 8.520,00 € (OITO MIL CINCOCENTOS VINTE EUROS), aos empregados municipais que se relacionan, nos termos da proposta efectuada pola Comisión Xestora do Fondo de Acción Social do 15/06/2010:

NOME	DNI	Nº Persoal	EUROS
Alonso Vila, Angel Luis	36048400	22480	950,00 €
Alves Díz, Miguel	36054689	17153	740,00 €
Faraldo Rivas, Mª José	36056377	22088	664,00 €
González Alonso, Mª Dolores	36054508	10895	160,00 €
Magdalena Vila, Mª Jesús	36025359	13161	1.436,00 €

Núñez Cuiñas, Margarita	36022088	19287	1.140,00 €
Rielo Franco, Rita	36067074	23774	475,00 €
Riobó Ibañez, Marta María	36081499	76267	879,00 €
Rodríguez Rey, Enrique	36000962	8332	2.076,00 €
SUMA TOTAL			8.520,00 €

2º.- Denegar as seguintes solicitudes:

Arias Fernández, Juan Carlos.- Socio-sanitarias

Fernández Besada, María Dolores.- Socio-sanitarias

Fernández Díaz, Lisardo.- Socio-sanitarias

Rivero Alvarez, Francisco Javier.- Tratamento cuberto pola Seguridade Social

16(1.236).- AXUDAS POR RECLAMACIÓN DE ESTUDOS 2009 CON CARGO AO FONDO DE ACCIÓN SOCIAL. EXPTE. 19966/220.

Examinadas as actuacións do expediente, de acordo co informe de data 8 de xullo emitido pola xefa do Servizo de Recursos Humanos, coa conformidade do concelleiro delegado, visto o informe da Intervención Xeral de data 13 do mesmo mes, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Autoriza-lo abono das seguintes axudas por reclamacións de estudos 2009, con cargo ao Fondo de Acción Social, por importe total de 2.375,00 €. (DOUS MIL TRESCENTOS SETENTA E CINCO EUROS), ós seguintes traballadores:

NOME	DNI	Nº PERSOAL	EUROS
Alvarez Domínguez, Inés	36059236	76410	225,00 €
Bacelos González, José	36023371	15480	150,00 €
Ben Couto, José	36023633	15059	170,00 €
Blanco Alvarez, José Manuel	34725520	15237	200,00 €
Calvar Ríos, Moisés	36142373	79383	150,00 €
Cambeiro Fuentes, Esther	36037461	22533	95,00 €
Comesaña Arribas, Luis Felipe	139795	11239	95,00 €
Fernández Riveiro, Javier	36109352	77650	150,00 €
Freire Estévez, Alberto	36032950	76470	110,00 €
García Docampo, Antero	34951927	79368	80,00 €
González Sanmartín, Rafael	36034517	76086	200,00 €
Iglesias Lameiro, Angel	36073555	20646	150,00 €

Jardón Losada, Saturnino	34935716	17561	110,00 €
Lorenzo Núñez, M ^a Jesús	36054381	77905	260,00 €
Prado Simón, Guillermo José	36145551	79111	80,00 €
Vázquez Pazó, Ramón	35995747	79386	150,00 €
SUMA TOTAL			2.375,00 €

2º.- Denegar as seguintes reclamacións:

- D^a Elisa Casal Prieto, por non estar no cadro de persoal
- D^a Eva García Barbosa, por non estar no cadro de persoal
- D. Ventura Oujo Gerut, por non figurar o fillo na reda segundo se establece nas bases.
- D^a María Belén Pérez Freire, por non estar no cadro de persoal.”

17(1.237).- SOLICITUDE DE PERMISO SEN SOLDADO DA FUNCIONARIA D^a MATILDE MARGARITA NÚÑEZ CUIÑAS. EXPTE. 19989/220.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de xestión, do 19.07.2010 co conforme da xefa do servizo de Recursos Humanos, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar a D^a MATILDE MARGARITA NÚÑEZ CUIÑAS, NIF 36.022.088-V, e núm. persoal 19287, delinante adscrita ao Sector de Mobilidade, Transporte e Seguridade, un permiso sen soldo por asuntos persoais de 15 días, no período comprendido entre o 17 e o 31 de agosto de 2010, -ambos os dous incluídos-, debendo incorporarse ao seu posto de traballo o 1 de setembro de 2010, de conformidade co previsto no art. 17 c) do vixente acordo regulador das condicións económicas e sociais do persoal ó servizo do concello de Vigo.

Durante a súa duración a interesada permanecerá de alta no réxime xeral da Seguridade Social e computará a efectos de antigüidade, pero non a efectos de vacacións, permiso por asuntos persoais e pagas extraordinarias.

18(1.238).- GASTOS DE LOCOMOCIÓN MAIO-XUÑO 2010. EXPTE. 19964/220.

Examinadas as actuacións do expediente, de acordo co informe de data 9 de xullo emitido pola xefa do Servizo de Recursos Humanos, coa conformidade do concelleiro delegado, visto o informe da Intervención Xeral de data 13 do mesmo mes, a Xunta de Goberno Local acorda:

Autorizar o gasto por un importe de 13.908,68 € correspondente ás indemnizacións por desprazamento no termo municipal por razóns do servizo do persoal municipal, correspondentes aos servizos de Limpeza, Vías e Obras-OSPIO, Mobilidade e Seguridade,

Conserxería, Participación Cidadá, Desenvolvemento Local, Benestar Social, Museo Castrelos, Parque Móbil, Parques e Xardíns, Inspección de Tributos e Igualdade, de maio-xuño 2010, aínda que tamén se inclúen algúns de abril-2010, con cargo á clasificación económica do orzamento 2312000 -Gastos de Locomoción.

	SERVIZO	TOTAL
1620	Limpeza	214,89
1550	Vías e Obras-OSPIO	6.931,65
1330	Mobilidade e Seguridade	1.403,64
9220	Conserxería	1.013,08
2410	Emprego Desenvolvemento Local-Participación Cidadá	361,46
2310	Benestar Social	35,04
3330	Museo de Castrelos	125,40
9222	Parque Móbil	218,96
1710	Montes, Parques e Xardíns	194,75
9310	Inspección de Tributos	3.298,59
2311	Igualdade	111,22
	TOTAL	13.908,68

19(1.239).- APROBACIÓN DO PROXECTO DE HUMANIZACIÓN DA RÚA VÁZQUEZ VARELA FASE I. EXPTE. 1573/443.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe da Área de Servizos Xerais, do 20.07.2010, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar o proxecto redactado pola Enxeñería Galaicontrol para a “Humanización da Rúa Vázquez Varela. Fase I”, cun orzamento base de licitación de 1.105.575,96 Euros.

20(1.240).- APROBACIÓN DO PROXECTO DE HUMANIZACIÓN DA RÚA CANGAS. EXPTE. 1574/443.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe da Área de Servizos Xerais, do 20.07.2010, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar o proxecto redactado pola Enxeñería Ingenia para a “Humanización da Rúa Cangas”, cun orzamento base de licitación de 574.181 Euros.

21(1.241).- AUTORIZACIÓN DE INSTALACIÓN DE DÚAS ESTACIONES DE CONTROL DE VERQUIDOS AO DOMINIO PÚBLICO HIDRÁULICO E CALIDADE DAS AUGAS NO RÍO LAGARES. EXPTE. 393/440.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe da Área de Servizos Xerais, do 15.07.2010, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar á Augas de Galicia, Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, ao marxe doutras autorizacións e permisos necesarios de entidades e organismos públicos e privados, para a instalación de dúas estacións de control de calidade das augas e vertidos ao dominio público hidráulico en dúas pontes sobre o Río Lagares:

-Estación LG-1. Coordenadas X 524.302 Y 4.673.884. Localizada na parroquia de San Pedro de Sárdoma, nunha ponte augas abaixo do polígono industrial.

-Estación LG-2. Coordenadas X 519.450 Y 4.672.405. Localizada na parroquia de San Salvador de Coruxo, na ponte baixo a autovía VG-20.

Sendo da súa competencia o seguimento, control e mantemento de tales instalacións.

22(1.242).- MODIFICACIÓN ALINEACIÓNS NAS OBRAS PREVISTAS NO PROXECTO “MELLORA DA SEGURIDADE VIAL DA PO-325” EXECUTADAS POLA XUNTA DE GALICIA NO TRAMO PK 4+780 E PK 4+930. EXPTE. 61834/250.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do enxeñeiro xefe de Vías e Obras, do 20.07.2010, co conforme da concelleira delegada da área de Servizos Xerais, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aceptar a alineación do muro prevista no plano remitido polo Xefe do Servizo Provincial de Infraestruturas da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

2º.- Aceptar a tipoloxía do muro de contención previsto no proxecto condicionando a mentada aceptación á execución dunha beirarrúa de 1,80 metros de ancho no camiño de Liñares fronte ao muro a reconstruír, a realización da rede de drenaxe de augas pluviais nese tramo do camiño e a pavimentación ata a glorieta da intersección da PO-325 e a rúa Cesáreo Vázquez.

3º.- Notificar o presente acordo á Xunta de Galicia.

VOLUNTARIADO

23(1.243).- ACEPTAR A SUBVENCIÓN CONCEDIDA POLA CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR PARA O FOMENTO E REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE VOLUNTARIADO NO ÁMBITO DAS ENTIDADES LOCAIS E MANCOMUNIDADES. .EXPTE. 321/322.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de Participación e Atención Cidadá, do 15.07.2010 co conforme do concelleiro delegado de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aceptar a subvención concedida polo Director xeral de Xuventude e Voluntariado da Consellería de Traballo e Benestar por resolución de data 5 de xullo ao Concello de Vigo, en base á Orde de 3 de marzo de 2010 pola que se regulan, para o exercicio do ano 2010, as axudas e subvencións para o fomento do fomento e realización de actividades de voluntariado no ámbito das entidades locais e mancomunidades, polo importe total de 3.310,62 €.

2º.- Encomendar á Oficina Municipal de Voluntariado, a xestión do Programa de “Fomento do Voluntariado” conforme ao establecido na Orde de 3 de marzo de 2010 pola que se regulan, para o exercicio do ano 2010, as axudas e subvencións para o fomento do fomento e realización de actividades de voluntariado no ámbito das entidades locais e mancomunidades e social e proceda ao axuste do contido do proxecto ao presuposto aprobado, reducindo aquelas actividades do proxecto orixinal que se estime convínte.

3.- Delegar no concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá a representación do concello na tramitación e xestión da subvención diante da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

24(1.244).- CORRECCIÓN DE ERRO MATERIAL NO ACORDO ADOPTADO POLA XGL EN SESION EXTRAORDINARIA DO 4.06.2010, NO QUE SE APROBABA O CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A CRUZ VERMELLA PARA O SERVIZO DE PRIMEIROS AUXILIOS E TRANSPORTE SANITARIO 2010. EXPTE. 78012/210.

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declarar a urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa do servizo de Transportes, do 17.06.2010, co conforme do concelleiro delegado de dita área, a Xunta de Goberno local acorda:

Corrixir a o contido da cláusula decima do proxecto de Convenio entre o Concello de Vigo e a Cruz Vermella Española para a prestación do servizo de primeiros auxilios e transporte sanitario nos areas do municipio de Vigo na temporada 2010 , aprobado en sesión extraordinaria e urxente de data 4 de xuño de 2010 e onde di entre paréntese (cento corenta e nove mil novecentos corenta e sete €) debe dicir (cento cincuenta e tres mil €) “

25(1.245).- APROBAR AS BASES REGULADORAS E A CONVOCATORIA DO ANO 2010 DO PROGRAMA DE AXUDAS MUNICIPAIS Á CREACIÓN DE EMPRESAS, NO MARCO DO PLAN MUNICIPAL DE EMPREGO 2008-2011. AUTORIZACIÓN DO GASTO. EXPTE. 7016/77.

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declarar a urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do servizo de Promoción Económica e Emprego, do 5.05.2010, co conforme do concelleiro de dita área e co fiscalizado e conforme do Interventor Xeral, e co informe do titular da Asesoría Xurídica, do 8.07.2010, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.-Aprobar as Bases reguladoras e a Convocatoria do ano 2010 do Programa de Axudas Municipais á Creación de Empresas, no marco do Plan Municipal de Emprego 2008-2011, que se achegan no expediente.

2º.- Aprobar a autorización de gasto por importe total de 80.000€ (OITENTA MIL EUROS), para a concesión das axudas establecidas nestas bases, con cargo á partida orzamentaria 2410 470.00.00 "Programas de axudas á inserción laboral.

26(1.246).- CONTRATACIÓN INTERINA DUN OFICIAL DESINFECTOR. EXPTE. 19934/220.

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declarar a urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do técnico de Organización e Planificación de RR.HH, do 22.06.2010, co conforme da xefa de área de Réxime Interior, e co informe do técnico de Intervención, do 12.07.2010, co conforme do Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Declarar a urxencia na cobertura interina dunha praza vacante de oficial desinfectador, escala de administración especial, encadrada dentro do persoal laboral, xustificada nas necesidades do Laboratorio Municipal contidas no escrito de data 7 de xuño de 2010.

2º.- Contratar interinamente con cargo a referida praza vacante de Oficial desinfectador, á D. ALBERTO SEIJAS FERNANDEZ, con D.N.I. 36.152.810-F, único aspirante que superou tódolos exercicios da oposición na última convocatoria para a provisión de prazas de oficial desinfectador, de conformidade coas bases xerais da mesma e ao abeiro do disposto nos artigos

7 da Lei 7/2007, do 12 de abril e, o artigo 15 do Estatuto dos traballadores e 4 do Real decreto 2720/1998, do 18 de decembro.

3º.- Ó interesado formalizaráselle contrato laboral-temporal de interinidade, ó abeiro do disposto nos artigos 15.1.c), do Estatuto dos Traballadores e R.D. 2720/98.

Ó aspirante nomeado deberá subscribir o seu contrato laboral-temporal de interinidade no prazo dun mes a contar desde o seguinte á notificación da presente acordo.

A formalización deste contrato de interinidade e a conseguinte extinción do vínculo laboral con esta Administración producirase automaticamente no momento en que se cubra definitivamente a praza á que se adscriba ó interesado, previa resolución do procedemento selectivo competitivo e público convocado e incluído na Oferta de Emprego correspondente o ano 2008, aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de 30 de decembro de 2008, publicada no BOP e no DOGA de 10 e 19 de febreiro de 2009, respectivamente, nos termos dispostos na lexislación vixente en materia de acceso ó emprego público (Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do emprego público).

27(1.247).- MODIFICACIÓN Nº 1 “COSTE CERO” DAS OBRAS DE “DOTACIÓN DE BEIRARRÚAS E SERVIZOS NA RUA ESPEDRIGADA”. EXPTE. 59669/250.

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declarar a urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de Área de Servizos Xerais, do 22.07.2010, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar o proxecto modificado nº 1 a “custe cero” obras de Dotación de beirarrúas e servizos na Rúa Espedrigada, de acordo cos criterios anteriormente indicados, e que quedan xustificados no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos de data 22 de xullo.

28(1.248).- PROXECTO MODIFICADO Nº 1 DAS OBRAS “ACTUACIÓN EN RUA CASTAÑA, PARROQUIA DE ALCABRE” CUSTE CERO. EXPTE. 396/440.

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declarar a urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de Área de Servizos Xerais, do 21.07.2010, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar o proxecto modificado nº 1 a “custe cero” obras de Actuación na Rúa Castaña -

Alcabre, de acordo cos criterios anteriormente indicados, e que quedan xustificados no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos de data 19 de xullo.

29(1.249).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formularon.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e dez minutos. Como secretaria dou fé.

am/rs

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelairas Rodríguez.